



Polonia, á dereita de Deus

Description



Ademais de Lepper, a outra figura relevante do novo gabinete é Roman Giertych, quen asume o cargo de viceprimeiro ministro e responsable de educación. Giertych é coñecido polas súas diatribas contra a falta de moral na UE, condena a homosexualidade e o aborto e fixo sempre propaganda en favor da saída de Polonia da Unión, que está demasiado á esquerda para a súas conviccións. (Foto: Andrzej Lepper, á esquerda, e Roman Giertych).

A extrema dereita católica entrou no goberno polaco de Kazimierz Marcinkiewicz. Deste xeito, asegúrase a maioría parlamentaria, pero o nivel de cohesión do gabinete aventura pouca estabilidade. Coa presenza previamente pactada de Samoobrona (Autodefensa), no mesmo equipo goberamental converxen preeuropeos e antieuropeos, laicos moderados e ultracatólicos, estatistas e privatistas. En fin, unha mistura que o populismo e a demagogia, como denominadores comúns, tentarán cohesionar. Matematicamente, as contas saen: en total, controlan 240 dos 460 escanos da Dieta. O PiS só dispón de 155.

O artífice de tan peculiar entendemento foi Jaroslaw Kaczynski, o principal baluarte do actual goberno, presidente de Dereito e Xustiza (PiS), e irmán xemelgo de Lech, xefe do Estado. A esperanza de Jaroslaw é que deste xeito, garantindo a maioría numérica, poidan comezar a gobernar. Dende as eleccións do 25 de setembro, que resultaron nunha grave derrota para a esquerda polaca herdeira do POUP, esa carencia impediu o funcionamento normal do gabinete. Pero, poderá Andrzej Lepper, líder de Samoobrona e agora ministro de agricultura, sintonizar coa reforma agrícola auspiciada pola UE? Sen dúbida, as dificultades aumentarán. A título de exemplo, Stefan Meller, ministro de asuntos exteriores, non dubidou en presentar a dimisión de inmediato. En defensa, segue o atlantista Radoslaw Sikorski, de nacionalidade británica.

Ademais de Lepper, a outra figura relevante do novo gabinete é Roman Giertych, quen asume o cargo de viceprimeiro ministro e responsable de educación. Giertych é coñecido polas súas diatribas contra a falta de moral na UE, condena a homosexualidade e o aborto e fixo sempre propaganda en favor da saída de Polonia da Unión, que está demasiado á esquerda para a súas conviccións. Na oposición, os liberais da Plataforma Cívica (PO), alertan sobre os riscos da incorporación da extrema dereita ó goberno e anuncian unha enganosa estabilidade que rachará ó mínimo contratempo. A PO negouse a pactar co PiS, visto o cariz da campaña das presidenciais do pasado outono. Mentras, a SdP (Socialdemocracia de Polonia) permanece virada para si mesma.

A complexidade da sociedade polaca, a heteroxeneidade do seu mapa partidario, a influencia politicamente distorsionadora da igrexa, a forza do sector agrícola e a subsistencia de importantes problemas sociais, constitúen un abano de circunstancias con tal potencial desestabilizador que axexarán e incomodarán continuamente o novo gabinete. Claro que a inspiración divina pode deparar algún que outro un santo remedio.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Maio 8, 2006

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2006-05-08 00:00:00